



E entonces era un cura e entonces un foi confesarse e claro seique lle andaba coa muller a un. E entonces díxolle o cura dende dentro do confesionario díxolle:

- Oes, e ti din que lle andas coa muller a Fulano.

E o cura seique lle andaba coa muller del, dese que se iba confesar. Díxolle o cura alí a aquel home, dícelle:

- Nada aquí non se oe nada, señor cura.

E volveu outra ves e volve a :

- Pero como non se oe nada?
- Nada!
- Mire, pois pase usté para aquí e paso eu pa dentro.

E vai entonces pasou pa dentro o outro, o que non era cura. E pónselle así:

- Pero usté tamén seique lle jode a miña muller. Non tal?
- Tes razón que aquí non se oe nada.

E acabouse o conto así, non oíndo nada.